

ESTATUTOS DO CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ

“O ATURUXO”

Presentados pola Xunta Directiva ante a Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 22 de maio de 2.004 para en adaptación a Lei Orgánica 1/2002. e modificados en adaptación a Lei 7/2013 da Comunidade Autonoma de Galicia o 16 de Santos do 2014, aprobándose por unanimidade.

ESTATUTOS

Art. 1º Denominación

Constituída en data 1 de marzo de 1993, a Asociación denominada CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ O ATURUXO, adáptase ao disposto na lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución, carecendo de ánimo de lucro.

Art. 2º Personalidade Xurídica

A Asociación ten personalidade xurídica propia e capacidade plena de obrar para administrar e dispor dos seus bens e cumprir os fins que se propón.

Art. 3º Enderezo e ámbito de actuación

O enderezo da Asociación establécese en Castellón de la Plana, rúa Pérez Dolz, nº 9 Baixo Dereita, código postal 12003.

Art. 4º Fins

Constitúen os fins da Asociación:

- a) Promover e difundir todos os valores de Galicia, a súa personalidade, a súa arte, a súa lingua, as súas distintas manifestacións culturais, as súas tradicións e os seus costumes populares.
- b) Fomentar o coñecemento de todos os aspectos sinalados no apartado anterior por outros pobos, e ser expoñente dos mesmos na provincia de Castellón de la Plana e as súas vilas, así coma no resto da Comunidade Valenciana.
- c) Servir de encontro aos seus socios, establecendo e fomentando entre eles relacións de cordialidade e amizade.
- d) Fomentar a participación dos socios nas súas diversas actividades, estimulando a cooperación de todos en orde á concentración dos seus fins.
- e) Preservar o patrimonio cultural da entidade, así coma os documentos (libros de actas, obras de arte, etc.) co fin de garantir a memoria histórica da asociación.
- f) Co fin de dar cumprimento aos fins da entidade, O Centro Galego de Castelló “ O Aturuxo”, comprométese a colaborar co goberno galego na catalogación e inventario co fin de poñer en valor o patrimonio da Galicia exterior.

Art. 5º Actividades

Para o cumprimento dos fins numerados no artigo anterior, realizaranse as seguintes actividades:

- a) Cursos e conferencias sobre a cultura galega.
- b) Cursos de lingua, historia e literatura galegas.
- c) Cursos de baile tradicional galego.
- d) Cursos de música e instrumentación galega.

- e) Grupos folclóricos de baile e música tradicional galega.
- f) Exposicións das distintas manifestacións culturais e artísticas.
- g) Concursos e certames literarios, musicais e artísticos.
- h) Actividades deportivas.
- i) Celebracións dos eventos e festas tradicionais da Comunidade Autónoma Galega.
- j) Mostras e degustacións gastronómicas.

CAPÍTULO II .- OS ASOCIADOS

Art. 6º Capacidade

Poderán formar parte da Asociación todas as persoas físicas e xurídicas que, libre e voluntariamente, teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación de acordo cos seguintes principios:

- a) As persoas físicas con capacidade de obrar e que non están suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.
- b) Os menores, non emancipados de máis de catorce anos de idade, deben contar co consentimento documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.
- c) As persoas xurídicas, previo acordo expreso da súa Xunta Directiva, deberán presentar unha solicitude por escrito á Xunta Directiva, e esta resolverá na primeira xunta que faga; se o solicitante se axusta ás condicións esixidas nos estatutos, a Xunta Directiva non lle poderá denegar a admisión.
- d) Terán a condición de asociados, todos os membros dunha unidade familiar que residan no mesmo enderezo, así como os fillos maiores de 18 que se atopen realizando estudos ata alcanzar os 24 anos de idade
- e) A condición de socio de número con dereito a voto, ostentará a persoa que que concorra coma solicitante, pasando ese dereito ao cónxuxe ou parella no caso de pasamento.

A condición de asociado é intransferible.

Art. 7º Dereitos dos Asociados

Os dereitos que lle corresponden aos asociados son os seguintes:

- a) A participar nas actividades da Asociación, os socios de número, en base ao Art. 6º apdo. e), poderán ser elixidos para os órganos de goberno e representación e a exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos. Para poder ser membro da Xunta Directiva é requisito imprescindible ser maior de idade, ser socio de número, así como estar ao corrente das súas cotas sociais, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente,
- b) A ser informados acerca da composición da Xunta Directiva e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade. Poderán acceder a toda a información a través da Xunta Directiva.
- c) A ser escoitado con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el, e ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- d) A impugnar os acordos da Xunta Directiva contrarios á Lei e aos Estatutos.

Art. 8º Deberes dos Asociados

Os deberes dos asociados son:

- a) Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Pagar as contribucións, derramas e outras custas que, con arranxo aos Estatutos, poidan corresponderlle a cada socio, condición necesaria para poder exercer os seus dereitos. **Quedando exentas das mesmas os socios/as coa condición de familiar de acordo ao art. 6º Apdo d)**
- c) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva da Asociación .
- d) Axustar a súa actuación ás disposicións estatutarias.

Art. 9º Causas de baixa

Son causa de baixa da Asociación:

- a) A propia vontade do interesado, comunicada por escrito á Xunta Directiva. Poderá percibir a participación patrimonial inicial e outras custas económicas realizadas sen incluír as custas de pertenza á asociación sempre que a redución patrimonial non implique prexuízos a terceiros.
- b) Non satisfacer as contribucións fixadas, se deixara de facelo durante 3 meses consecutivos

Art. 10º Réxime Sancionador

A separación da Asociación dos asociados por motivo de sanción terá lugar cando cometan actos que os fagan indignos de seguir pertencendo a aquela. Presumirase que existe este tipo de actos:

- a) Cando adrede o asociado impida ou poña trabas ao cumprimento dos fins sociais.
- b) Cando adrede obstaculice de calquera xeito o funcionamento da Xunta Directiva da Asociación.

De calquera xeito para acordar a separación por parte do órgano de goberno, será necesaria a tramitación dun expediente disciplinario que contemple a audiencia do asociado afectado.

Art. 11º Socios de Honra

Serán Socios de Honra do CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ O ATURUXO, aquelas persoas ou entidades que, a proposta da Xunta Directiva, sexan merecedoras de tal distinción en razón de súa actuación a favor da Asociación, que promovesen ou realizen actos de achegamento ou solidariedade con Galicia e as súas xentes, e así o ratifique e aprobe a Asemblea Xeral. Tamén poderán ser distinguidos con esta categoría os socios de número que reúnan os sinalados requirimentos. Os Socios de Honra non terán voto nas Asembleas Xerais.

CAPÍTULO III.- DO ÓRGANO DE GOBERNO

Art. 12º A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral, é o órgano supremo de goberno da Asociación, integrado por todos os asociados por dereito propio irrenunciable e en igualdade absoluta, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna.

Todos os membros quedarán suxeitos aos acordos da Asemblea Xeral, incluso os ausentes, os disidentes e os que aínda estando presentes se abstiveran de votar.

Art. 13º Xuntanzas da Asemblea

A Asemblea Xeral xuntarase en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano, preferentemente dentro do primeiro trimestre.

A Asemblea Xeral xuntarase con carácter extraordinario sempre que sexa necesario, e a requirimento dun número de asociados que represente, como mínimo, un dez por cento da totalidade.

Art. 14º Convocatoria das Asembleas

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito. Os anuncios da convocatoria poñeranse nos lugares de costume con quince días de antelación como mínimo. Sempre que sexa posible convocaráselle individualmente a todos os membros.

Na acta que se redacte de cada xuntanza, reflexarase un extracto das deliberacións, o texto dos acordos que se teñan adoptado e o resultado numérico das votacións. Ao comezo de cada xunta da Asemblea Xeral lerase o Acta da xuntanza anterior a fin de que se aprobe ou non.

Art. 15º Competencias e validez dos acordos

A Asemblea quedará constituída validamente en primeira convocatoria coa asistencia dun mínimo dun terzo dos asociados presentes ou representados; e en segunda convocatoria, sexa cal sexa o número deles, terase que celebrar media hora despois da primeira e no mesmo lugar.

Nas xuntanzas da Asemblea Xeral, correspóndelle un voto a cada membro da Asociación.

Son competencia da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar ou recusar os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como a memoria anual de actividades.
- c) Establecer as liñas xerais de actuación que lle permitan á Asociación cumprir os seus fins.
- d) Dispoñer todas as medidas encamiñadas a garantir o funcionamento democrático da Asociación.
- e) Fixar as contribucións ordinarias ou extraordinarias.
- f) Elixir os membros do órgano de representación.
- g) Adoptar os acordos referentes a:
 - Expulsión dos socios, a proposta da Xunta Directiva.
 - Constitución de federacións ou de integración nelas.
 - Solicitud de declaración de utilidade pública.
 - Disolución da Asociación.
 - Modificación dos Estatutos.
 - Disposición e enaxenación de bens.

- Remuneración, no seu caso, dos membros da Xunta Directiva.

Os acordos tomaranse por maioría simple dos socios presentes ou representados, cando os votos afirmativos superen os negativos. Non obstante, requirirase maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou enaxenacións de bens e remuneración dos membros da Xunta Directiva, sempre que se convocara especificamente con tal xeito a Asemblea correspondente.

CAPÍTULO IV.- O ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Art. 16º Composición do órgano de representación

A Asociación rexeraa, administraraa e representaraa o órgano de representación denominado Xunta Directiva, que estará formada polo Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario, Tesoureiro, Viceteseoureiro e un número de Vogais non inferior a tres.

A elección dos membros da Xunta Directiva farase por sufraxio libre e secreto dos membros da Asemblea Xeral. Poderán ser elixidos membros da Xunta Directiva, os que figuren na candidatura correspondente e reúnan os seguintes requisitos: ser maior de idade, ser socio de número da Asociación, estar ao corrente de pago das súas contribucións, estar no pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente, debendo as mesmas ser presentadas na Secretaría da Asociación con anterioridade aos dez días da data de celebración da correspondente Asemblea Xeral, para a supervisión e publicidade no taboleiro de anuncios da mesma.

Serán proclamados os candidatos da listaxe máis votada.

Os cargos de Presidente, Secretario e Tesoureiro deberán recaer en persoas diferentes.

O exercicio dos cargos será de balde

Art. 17º Duración do mandato da Xunta Directiva

Os membros do órgano de representación, exercerán o cargo durante un período de 4 anos, podendo ser reelixidos indefinidamente.

O cese no cargo antes de extinguirse o seu término regulamentario poderá deberse a:

- a) Dimisión voluntaria presentada mediante escrito no que se razoen os motivos.
- b) Enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo.
- c) Causar baixa como membro da Asociación.

As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse na primeira Asemblea Xeral que se faga. Non obstante, a Xunta Directiva poderá contar, provisionalmente, ata a próxima Asemblea Xeral, cun membro da Asociación para o cargo vacante.

Art. 18º Competencias da Xunta Directiva

A Xunta Directiva ten as facultades seguintes:

- a) Ostentar e exercitar a representación da Asociación, levar a término a dirección e a administración do xeito máis amplo que reconeza a lei e cumprir os acordos tomados pola Asemblea Xeral, e de acordo coas normas, as instrucións e as directrices xerais que esta Asemblea Xeral estableza.
- b) Tomar os acordos necesarios para a comparecencia ante os organismos públicos, para o exercicio de toda clase de accións legais e para interpoñer os recursos pertinentes.
- c) Resolver sobre a admisión de novos asociados, levando a relación actualizada de todos os asociados.
- d) Propoñerlle á Asemblea Xeral o establecemento das contribucións que os membros da Asociación teñan que satisfacer.
- e) Convocar as Asembleas Xerais e controlar que os acordos que alí se teñan, se cumpran.
- f) Comunicar o rexistro de Asociacións, a modificación dos Estatutos acordada pola Asemblea Xeral no prazo dun mes.
- g) Presentarlle o balance e estado de contas de cada exercicio á Asemblea Xeral para que os aprobe, e confeccionar os orzamentos do exercicio seguinte .
- h) Levar unha contabilidade conforme ás normas específicas que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade.
- i) Efectuar o inventario dos bens da Asociación.
- j) Facer a memoria anual de actividades e sometela a aprobación da Asemblea Xeral.
- k) Resolver provisionalmente calquera caso non previsto polos presentes Estatutos e dar conta diso na primeira Asemblea Xeral subseguinte.
- l) Calquera outra facultade que non lle estea atribuída dun xeito específico nestes Estatutos á Asemblea Xeral.
- m) Facer o Regulamento de réxime interior e de funcionamento das actividades.

Art. 19º Xuntanzas da Xunta Directiva

A Xunta Directiva convocada previamente polo Presidente ou a persoa que o supla, reunirse en sesión ordinaria coa periodicidade que os seus membros decidan, que en calquera caso, non poderá ser maior aos dous meses. Xuntaranse en sesión extraordinaria se o pedise un terzo dos seus compoñentes.

A Xunta Directiva quedará validamente constituída con convocatoria previa e un quórum da metade máis un dos seus membros.

Os membros da Xunta Directiva están obrigados a asistir a tódalas xuntanzas que se lle convoquen, podendo escusar a súa asistencia por causas xustificadas. De calquera xeito, será necesaria a asistencia do Presidente e do Secretario ou das persoas que os suplan.

A Xunta Directiva tomará os acordos por maioría simple de votos dos asistentes. No caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

Os acordos da Xunta Directiva faranse constar no libro de actas. Ao comezo de cada xuntanza lerase a acta da sesión anterior para que se aprobe ou se rectifique.

Art. 20º O Presidente

O Presidente do CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ O ATURUXO, tamén será Presidente da Xunta Directiva.

Son propias do Presidente, as seguintes funcións:

- a) As de dirección e representación legal da Asociación, por delegación da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- b) A presidencia e a dirección dos debates da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- c) Asinar as convocatorias das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- d) Dar o visto e prace ás actas e aos certificados feitos polo Secretario da Asociación.
- e) As atribucións restantes propias do cargo, e as que lle delegue a Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.

Ao Presidente substituirao, en caso de ausencia ou enfermidade, o Vicepresidente ou o vogal da Xunta Directiva, designado ao efecto.

Art. 21 O Tesoureiro

O Tesoureiro terá como función a custodia e o control dos recursos da Asociación, así coma o confeccionamento do orzamento, o balance e liquidación das contas, co fin de sometelos á Xunta Directiva, conforme determina o artigo 18º destes Estatutos. Asinará os recibos, contribucións e outros documentos da tesourería. Pagará as facturas aprobadas pola Xunta Directiva as cales terán que ser visadas previamente polo Presidente.

Art. 22 O Secretario

O Secretario debe custodiar a documentación da Asociación, redactar e asinar as actas das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, redactar e autorizar as certificacións que teña que librar, así como ter actualizada a relación dos asociados.

CAPÍTULO V. O RÉXIME ECONÓMICO

Art. 23º Patrimonio inicial e recursos económicos

O patrimonio inicial desta Asociación no momento da súa constitución era de **CERO** pesetas.

O presuposto anual será aprobado cada ano na Asemblea Xeral Ordinaria.

Os recursos económicos da Asociación nutriranse de:

- a) Das contribucións que fixe a Asemblea Xeral os seus membros
- b) Das subvenciones oficiais ou particulares.
- c) De doazóns, herdanzas ou/e legados.
- d) Das rendas do mesmo patrimonio ou ben de outros ingresos que se poidan obter.

Art. 24 Beneficio das actividades

Os beneficios obtidos, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da Asociación, sen que poida darse en ningún caso o seu reparto entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles coa mesma relación de afectividade, nin, entre seus parentes, nin a súa cesión de balde a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Art. 25º Contribucións

Todos os membros da Asociación teñen a obriga de sostela economicamente, mediante contribucións ou derramas, do xeito e na proporción que determine a Asemblea Xeral a proposta do órgano de representación.

A Asemblea Xeral poderá establecer contribucións de ingreso, contribucións periódicas mensuais, e contribucións extraordinarias.

O exercicio económico quedará pechado cada 31 de decembro .

Art. 26 Disposición de fondos

Nas contas correntes, ou libretos de aforro abertas en establecementos de crédito, deben figurar a sinatura do Presidente, o Tesoureiro e do Secretario.

Para poder dispor de fondos, serán suficientes dúas sinaturas, das que, unha será sempre a do Tesoureiro, ou ben a do Presidente.

CAPÍTULO VI.- DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art. 27 Causas de Disolución e entrega do sobrante

A Asociación poderá desfacerse:

- a) Se así o acorda a Asemblea Xeral convocada expresamente para este xeito e co voto favorable de máis da metade dos socios presentes ou representados.
- b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.

Art. 28 Liquidación

A disolución da asociación abre un tempo de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa entidade xurídica.

Os membros da Xunta Directiva no intre da disolución convértense en liquidadores, salvo que a Asemblea Xeral designe a outros, ou ben os que o Xuíz, no seu caso decida.

Correspóndelle aos liquidadores:

- a) Coidar pola integridade do patrimonio da Asociación.
- b) Acabar as operacións pendentes e facer as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar os acredores.
- e) Aplicar os bens sobrantes da Asociación aos fins previstos polos Estatutos.
- f) Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro correspondente.

En caso de insolvencia da Asociación, a Xunta Directiva, se é o caso, os liquidadores teñen de promover inmediatamente o axeitado procedemento concursal ante o Xuíz competente.

O remanente neto que resulte da liquidación destinarase directamente ao
FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

A si mesmo, o patrimonio histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico existente, cederase o pobo galego a través do seu goberno autonómico, co fin de garantir a preservación histórica da Galicia exterior e da asociación, en cumprimento os fins sinalados no artigo 4º destes estatutos.

Os asociados non responden persoalmente das débedas da Asociación.

Os membros ou titulares dos órganos de goberno e representación, ademais das persoas que o fagan no seu nome e representación da Asociación responderán ante esta, ante os asociados e ante terceiros polos danos causados e as débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes.

CAPÍTULO VII.- RESOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL DE **CONFLICTOS**

Art. 29º Resolución extrajudicial de conflitos

As cuestións litixiosas que poidan surtir do feito das actuacións desenvolvidas ou das decisións adoptadas no seo da asociación, resolveranse mediante arbitraje, a través dun procedemento axustado ao disposto pola Lei 36/1.988 de 5 de decembro de Arbitraje, e coa suxección, en todos os xeitos, aos principios esenciais de audiencia, contradición e igualdade entre as partes .

En Castellón da Plana a día 22 do mes de maio de 2004.

Modificados e aprobados na Asamblea Xeral Ordinaria o día 16 de Novembro do 2014, en adaptación a Lei 7/2013 da Comunidade Autónoma de Galicia da Ley da Galeguidade